



CONVENIO ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA (AMTEGA), A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC), A UNIVERSIDADE DA CORUÑA (UDC) E A UNIVERSIDADE DE VIGO (UVIGO) PARA A DESENVOLVEMENTO DUN ESTUDO SOBRE O MARCO ÉTICO-NORMATIVO E O POTENCIAL IMPACTO DA ADOPCIÓN DA INTELIXENCIA ARTIFICIAL EN GALICIA

En Santiago de Compostela, 17 de febrero de 2022

REUNIDOS

Dunha parte, a **Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en diante AMTEGA)**, e no seu nome e representación D^a. Mar Pereira Álvarez, como directora da AMTEGA, cargo para o que foi nomeada polo Consello da Xunta na súa reunión do 15 de marzo de 2012, en función das atribucións que lle confire o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Amtega e se aproban os seus estatutos.

Doutra parte, a **Universidade de Santiago de Compostela (en diante USC)**, e no seu nome e representación D. Antonio López Díaz, na súa calidade de reitor, segundo se establece no Decreto 57/2018, do 31 de maio (DOG núm 106, do 5 de xuño), e de conformidade coa atribución do artigo 83 dos estatutos da USC, aprobados polo Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro (BOE núm. 150, do 27 de febreiro) e de conformidade co artigo 20, da Lei orgánica 06/2001 (BOE núm 307, do 24 de decembro) modificada pola Lei 04/2007, do 12 de abril (BOE núm. 89, do 13 de abril), polos que se aproban os estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

Doutra parte, a **Universidade da Coruña (en diante UDC)**, e no seu nome e representación D. Julio E. Abalde Alonso, na súa calidade de reitor, segundo se establece no Decreto 5/2020, do 9 de xaneiro (DOG núm. 7, do 13 de xaneiro), e de conformidade coa atribución do artigo 35 dos estatutos da UDC, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG núm. 100, do 26 de maio), e modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro (DOG núm. 201, do 17 de outubro), e de conformidade coa atribución do artigo 20, da Lei orgánica 06/2001 (BOE núm. 307, do 24 de decembro) modificada pola Lei 04/2007, do 12 de abril (BOE núm. 89, do 13 de abril) polo que se aproban os estatutos da Universidade da Coruña.

E doutra parte, a **Universidade de Vigo (en diante UVIGO)**, e no seu nome e representación D. Manuel Joaquín Reigosa Roger, na súa calidade de reitor, segundo se establece no Decreto 59/2018, do 31 de maio



(DOG núm. 109, do 8 de xuño), e de conformidade coa atribución do artigo 57 dos estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro (DOG núm. 21, do 02 de febreiro), e de conformidade coa atribución do artigo 20, da Lei orgánica 06/2001 (BOE núm. 307, do 24 de decembro) modificada pola Lei 04/2007, do 12 de abril (BOE núm. 89, do 13 de abril) polo que se aproban os estatutos da Universidade de Vigo.

Cada unha das partes, recoñécese reciprocamente capacidade legal suficiente para obrigarse mediante o presente Convenio, e en nome e representación das respectivas entidades subscriben o presente documento, e para ese efecto,

MANIFESTAN

1º.- Que a AMTEGA ten como obxectivos básicos a definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos da política da Xunta de Galicia no ámbito das tecnoloxías da información e comunicacións, e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico. Como axencia pública autónoma con personalidade xurídica e patrimonio propios, entre as súas competencias figuran a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións; a elaboración, desenvolvemento e execución da estratexia tecnolóxica global do sector público autónomo de Galicia; a definición dos estándares e directrices tecnolóxicas aos que deberán axustarse todos os órganos dependentes da Xunta de Galicia; o fomento da colaboración e da acción coordinada entre administracións públicas en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións; e o fomento da innovación no ámbito das tecnoloxías da información e as comunicacións en colaboración cos organismos e institucións competentes na materia, sen prexuízo das competencias que, en materia de innovación, poidan corresponder a outras entidades integrantes do sector público autónomo.

2º.- Que a Xunta de Galicia aprobou, no marco da Estratexia Galicia Dixital 2030, a Estratexia Galega de Intelixencia Artificial 2030, orientada a aproveitar o potencial da Intelixencia Artificial en Galicia, permitindo avanzar cara a unha Galicia Intelixente, de forma coordinada e sumando os esforzos dos sectores público e privado en base ao desenvolvemento e despregamento dunha intelixencia artificial de vangarda, ética e segura, pola vía da promoción dun enfoque centrado no ser humano.

Unha das medidas recollidas na devandita Estratexia é o deseño dun marco ético sobre o uso das tecnoloxías intelixentes en Galicia que garanta os dereitos fundamentais da cidadanía galega.



3º.- Que a USC é unha entidade que desenvolve actividades de investigación, formación e desenvolvemento científico e tecnolóxico e posúe experiencia probada no **desenvolvemento de estudos no ámbito ético, legal, socioeconómico e cultural das tecnoloxías da información e da comunicación, no desenvolvemento de modelos de intelixencia artificial e en aplicación das tecnoloxías intelixentes e o seu impacto** entre os grupos de investigación e o sector produtivo.

4º.- Que a UDC é unha entidade que desenvolve actividades de investigación, formación e desenvolvemento científico e tecnolóxico e posúe experiencia probada no **desenvolvemento de estudos no ámbito da análise das políticas e estratexias públicas, así como no deseño de modelos de indicadores** entre os grupos de investigación e o sector produtivo.

5º.- Que a UVIGO é unha entidade que desenvolve actividades de investigación, formación e desenvolvemento científico e tecnolóxico e posúe experiencia probada no **desenvolvemento de estudos no ámbito do impacto das tecnoloxías no eido rexional** entre os grupos de investigación e o sector produtivo.

6º.- Que con base na experiencia na labor investigadora das tres universidades galegas no ámbito da Intelixencia Artificial, as partes están interesadas en consolidar as bases para a creación conxunta dunha rede de colaboración que permita a realización de estudos rexionais sobre o impacto da adopción da Intelixencia Artificial en Galicia, no marco da Estratexia Galega de Intelixencia Artificial 2030.

7º.- Que, considerando que o proxecto será desenvolvido no marco dunha investigación científica, as tres universidades galegas contan con acreditada traxectoria e relevancia no sistema público español no relativo ao estudo interdisciplinar da Intelixencia artificial na contorna da economía e a sociedade dixital, e, por tanto, están en condicións de transferir o coñecemento xerado e resultados acadados pola súa labor investigadora.

8º.- Que conforme aos seus fins e obxectos sociais, a AMTEGA, a USC, a UDC e a UVIGO acordan subscribir o presente convenio para o desenvolvemento dun estudo sobre o marco ético-normativo e o potencial impacto da adopción da Intelixencia Artificial en Galicia, que se rexerá polas seguintes:

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Obxecto

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a AMTEGA, a USC, a UDC e a UVIGO para a realización dunha análise do marco ético-normativo e o potencial impacto da adopción da Intelixencia Artificial en Galicia.

As actuacións nas que se concretará a colaboración prevista no convenio son:

- Redacción, edición, presentación pública e difusión dun estudo sobre o marco ético-normativo e o potencial impacto da adopción da Intelixencia Artificial en Galicia durante o ano 2022.
- Tratamento e análise da información facilitada pola Amtega da enquisa "*Encuesta sobre el uso de TIC y comercio electrónico en las empresas Año 2020 – Primer trimestre 2021*" elaborada polo INE, cuxos resultados serán obxecto de análise cara á elaboración do estudo mencionado no apartado anterior.

SEGUNDA.- Obrigas das partes

As partes comprométense a desenvolver de xeito coordinado, no ámbito das súas respectivas competencias, as actuacións e medidas necesarias para o eficaz cumprimento do obxecto do presente convenio.

Un.- Compromisos e obrigas da AMTEGA

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, ao abeiro do presente convenio, asume os seguintes compromisos:

1. Coordinar a elaboración do estudo previsto na cláusula primeira deste convenio, tanto na súa redacción e edición, como nos actos de presentación pública do mesmo.
2. Coordinar a recompilación e entrega da información relativa a enquisa "*Encuesta sobre el uso de TIC y comercio electrónico en las empresas Año 2020 – Primer trimestre 2021*" elaborada polo INE prevista na cláusula primeira do presente convenio.
3. Colaborar activamente en todas as actuacións previstas neste convenio mediante a súa participación na elaboración do estudo, desenvolvemento e execución das actividades previstas neste convenio, así

como na selección dos posibles colaboradores, en particular daqueles traballos que requiran a colaboración dalgún dos grupos de investigación ou profesionais pertencentes a calquera das universidades galegas.

4. Achegar o financiamento previsto na cláusula terceira do presente convenio.
5. Cumprir as obrigas en materia de información e comunicación segundo o establecido no apartado 2.2 do Anexo XII do Regulamento de disposicións comúns dos fondos de cohesión e de acordo coas especificacións técnicas do regulamento de execución (UE) 821/2014 da Comisión.
6. Mantemento dos investimentos dedicándoos á finalidade para a que foron realizados durante os 5 anos seguintes ao pagamento final
7. A Amtega terá a obriga de aplicar medidas antifraude eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión e cumprir a normativa comunitaria, estatal e autonómica de aplicación, en particular, a normativa en materia de subvencións (art. 125.4.c do Regulamento (UE) Nº 1303/2013). A detección de feitos que puideran ser constitutivos de fraude ou irregularidade serán comunicados ao Servicio Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) nos termos establecidos na Comunicación 1/2017 del SNCA, do 6 de abril, sobre a forma na que poden proceder as persoas que teñan coñecemento de feitos que podan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea

Dous.- Compromisos e obrigas da USC

A USC, ao abeiro do presente convenio, asume os seguintes compromisos:

1. Análise de datos e elaboración do apartado “Estudo do marco ético e normativo” do estudo previsto na cláusula primeira deste convenio que incluirá, como mínimo os seguintes aspectos:
 - O marco normativo global e europeo e a posibilidade da súa translación dentro do ámbito competencial da Comunidade Autónoma de Galicia, así como seu impacto desde unha perspectiva ética e xurídica, con especial mención dos riscos normativos que puidesen afectar ou demandar sucesivos cambios ou correccións normativas.
 - O marco de sustentabilidade que debe ter a IA e as tecnoloxías dixitais para cumprir os obxectivos da dobre transformación dixital e o Pacto Verde europeo e os riscos asociados.
 - Os aspectos e implicacións éticas dos modelos de intelixencia artificial e do deseño e aplicación das tecnoloxías intelixentes, especialmente os relacionados co marco dos principios da IA



confiable, explicable, transparente, responsable, equitativa, auditable, e compatible cos dereitos fundamentais e cunha administración intelixente.

2. Explorar as posibilidades de consecución de datos procedentes de fontes secundarias para complementar o estudo previsto na cláusula primeira deste convenio.
3. Asignar os medios humanos e materiais que sexan necesarios e, de ser o caso, á contratación das colaboracións externas que se precisen para a execución das actuacións establecidas neste convenio.
4. Achegar coa xustificación os informes e documentos que acrediten de maneira fidedigna o desenvolvemento do obxecto do presente convenio, así como os informes e demais documentos requiridos pola Xunta de Galicia.
5. Mantemento dos investimentos dedicándoos á finalidade para a que foron realizados durante os 5 anos seguintes ao pagamento final
6. Contribuír ao financiamento das actividades do convenio nos termos previstos na cláusula terceira.
7. Facer figurar expresamente o financiamento da Xunta de Galicia na totalidade das actuacións asociadas a este Convenio.
8. Colaborará, baixo a coordinación da Amtega, na difusión das actuacións que constitúen o obxecto deste convenio.

Tres.- Compromisos e obrigas da UDC

A UDC, ao abeiro do presente convenio, asume os seguintes compromisos:

- 1 Análise de documentación e elaboración do apartado "Estudo das estratexias e deseño dun modelo de indicadores" do estudo previsto na cláusula primeira deste convenio que incluírá, como mínimo:
 - Un estudo da evolución estratéxica da Intelixencia Artificial, ao abeiro das diferentes doutrinas e enfoques estratéxicos europeos na materia, nacionais e rexionais, e os seus sistemas de indicadores .
 - Un deseño de indicadores para avaliar os procesos, coa finalidade de xerar modelos para actualizacións das estratexias existentes, follas de ruta ou futuras estratexias.
- 2 Explorar as posibilidades de consecución de datos procedentes de fontes secundarias para complementar o estudo previsto na cláusula primeira deste convenio.
- 3 Asignar os medios humanos e materiais que sexan necesarios e, de ser o caso, á contratación das colaboracións externas que se precisen para a execución das actuacións establecidas neste convenio.



- 4 Achegar coa xustificación os informes e documentos que acrediten de maneira fidedigna o desenvolvemento do obxecto do presente convenio, así como os informes e demais documentos requiridos pola Xunta de Galicia.
- 5 Mantemento dos investimentos dedicándoos á finalidade para a que foron realizados durante os 5 anos seguintes ao pagamento final
- 6 Contribuír ao financiamento das actividades do convenio nos termos previstos na cláusula terceira.
- 7 Facer figurar expresamente o financiamento da Xunta de Galicia na totalidade das actuacións asociadas a este Convenio.
- 8 Colaborará, baixo a coordinación da Amtega, na difusión das actuacións que constitúen o obxecto deste convenio.

Catro.- Compromisos e obrigas da UVIGO:

A UVIGO, ao abeiro do presente convenio, asume os seguintes compromisos:

1. Análise de datos e elaboración do apartado "Estudo relativo á aplicación da Intelixencia Artificial" do estudo previsto na cláusula primeira deste convenio que incluirá, como mínimo:
 - Diálogos cos sectores empresariais para analizar o potencial da Intelixencia Artificial e recoller as súas propostas para unha mellor regulación.
 - Análise do potencial da Intelixencia Artificial nos sectores empresariais de Galicia e análise do seu nas principais empresas en Galicia.
 - Análise do impacto económico-financeiro da Intelixencia Artificial nos sectores estratéxicos da economía e da sociedade de Galicia.
2. Tratamento e análise da información facilitada pola Amtega relativa á enquisa "*Encuesta sobre el uso de TIC y comercio electrónico en las empresas Año 2020 – Primer trimestre 2021*" elaborada polo INE.
3. Explorar as posibilidades de consecución de datos procedentes de fontes secundarias para complementar o estudo previsto na cláusula primeira deste convenio.
4. Asignar os medios humanos e materiais que sexan necesarios e, de ser o caso, á contratación das colaboracións externas que se precisen para a execución das actuacións establecidas neste convenio.
5. Achegar coa xustificación os informes e documentos que acrediten fidedignamente o desenvolvemento do obxecto do presente convenio, así como os informes e demais documentos requiridos pola Xunta de Galicia.
6. Mantemento dos investimentos dedicándoos á finalidade para a que foron realizados durante os 5 anos seguintes ao pagamento final



7. Contribuir ao financiamento das actividades do convenio nos termos previstos na cláusula terceira.

8. Facer figurar expresamente o financiamento da Xunta de Galicia na totalidade das actuacións asociadas a este Convenio.

9. Colaborará, baixo a coordinación da Amtega, na difusión das actuación que constitúen o obxecto deste convenio.

TERCEIRA.- Financiamento

1. O orzamento previsto para a realización do obxecto do presente convenio ascende a 150.000,00 €. Esta actuación poderá ser susceptible de financiamento, como parte da resposta da Unión á pandemia de COVID-19, no marco do Eixo REACT UE do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020.

2. A Amtega colaborará na realización do obxecto do convenio cunha achega máxima de 120.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 04.A1.571A.640.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

A cantidade reseñada destinarase a cofinanciar os gastos relativos actuacións que constitúen o obxecto do convenio, a razón dun importe máximo de 40.000 € por cada universidade:

- Redacción, edición, presentación pública e difusión dun estudo sobre o marco ético-normativo e o potencial impacto do uso da adopción da Intelixencia Artificial en Galicia durante o ano 2022.

A referida achega é unha porcentaxe do importe total do proxecto e financiará exclusivamente unha parte dos custos do convenio, sen que a USC, a UDC e a UVIGO obteñan beneficio ou lucro ningún.

1. A USC, a UDC e a UVIGO asumirán con cargo aos seus orzamentos do ano 2022 propios a diferenza entre a achega económica da Xunta de Galicia e o orzamento total do convenio. A tal fin, a USC, a UDC e a UVIGO, respectivamente, cofinanciarán as actividades contempladas no presente convenio coa asignación da parte dos custos de estrutura (persoal, materiais, instalacións, equipamento) nos que incorrerá pola realización das obrigas contempladas neste convenio non financiados pola AMTEGA. O importe estimado desta asignación estímase no 20% do orzamento global do convenio (30.000 €, a razón de 10.000 € por cada unha das tres universidades), sen prexuízo do seu incremento en atención ás horas de traballo efectivamente dedicadas como consecuencia



da actividade do persoal propio, docente e investigador relacionada co desenvolvemento e execución das actuacións que constitúen o obxecto do convenio.

CUARTA.- Forma de pagamento e xustificación do convenio

O pagamento da achega prevista na cláusula terceira do presente convenio realizarase previa solicitude da USC, da UDC e da UVIGO e xustificación por cada universidade do desenvolvemento das actuacións levadas a cabo na súa execución. A tal fin, cada universidade deberá achegar á Amtega as correspondentes certificacións antes do 15 de novembro de 2022, as cales incluírán a seguinte documentación:

- a) Memoria xustificativa do cumprimento das condicións establecidas neste Convenio, con indicación das actividades realizadas, resultados obtidos e as incidencias máis significativas.
- b) Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas que conterà:
 - 1º Relación clasificada dos gastos atendibles para cada actuación, con identificación do acredor e do documento, concepto, importe, data de emisión e data de pago.
 - 2º Xustificación dos gastos atendibles: orixinais ou copias compulsadas das facturas ou dos documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil, ou con eficacia administrativa, incorporados na relación clasificada dos gastos.
 - 3º Nóminas pagadas, gasto de seguridade social e importes retidos en concepto de IRPF e certificado de dedicación emitido pola USC da asignación das persoas ao proxecto. Para a imputación dos gastos de persoal ao proxecto, a USC deberá realizar, con anterioridade á execución do convenio, a imputación de persoal propio ás actividades obxecto do convenio, indicando as porcentaxes de dedicación previstas, e así mesmo, na fase de xustificación, deixará constancia documental das horas efectivamente consumidas polos traballadores/as imputables ao proxecto, explicitando as súas dedicacións horarias, en documento asinado polo responsable da entidade e a persoa empregada, e acompañada dos correspondentes partes de traballo. A estes efectos achegará un certificado da persoa responsable da Xerencia da universidade ou do órgano de control que corresponda, que acredite a toma de razón en contabilidade de que se executou o obxecto do convenio e que as achegas das partes cofinanciadoras foron destinadas ao pagamento dos custos por hora do persoal investigador propio e, de ser o caso, os custos do persoal externo contratado, que irá acompañado



dunha relación valorada das horas dedicadas ao proxecto polo equipo ou equipos de traballo da universidade e, tamén, dos colaboradores externos.

- 4º Seguridade Social do período que se alega: Documentos/s de Relación nominal de traballadores e Documento/s de Cálculo da Liquidación e os correspondentes xustificante/s de pago.
- 5º Importes retidos IRPF do período que se alega: Modelo/s 111 e os correspondente/s xustificante/s do seu ingreso na AEAT.
- 6º Xustificación dos pagamentos: transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo.
- 7º Certificacións expedidas polas respectivas Administracións Públicas, que acrediten que se está ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social, así como a acreditación de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma ou autorización para que a Amtega realice estas consultas polos seus propios medios.
- 8º No caso de estar exento do imposto sobre o valor engadido (IVE), documentación acreditativa da mencionada exención.
- 9º Declaración da titularidade da conta bancaria onde se debe realizar o pagamento.
- 10º Xustificación, de ser o caso, doutros ingresos obtidos para financiar a actividade, non podendo superar o 100% do seu custo total.

c) Cada universidade achegará un certificado da persoa responsable da súa Xerencia ou do órgano de control que corresponda, que acredite a toma de razón en contabilidade de que se executou o obxecto do convenio e que as achegas das partes cofinanciadoras foron destinadas ao pagamento das actividades propias do convenio, xunto coa información detallada das actuacións realizadas e resultados obtidos.

No caso de que a acreditación dos custos do convenio e, máis concretamente, a súa equivalencia en horas de dedicación ao proxecto, sexa inferior ao orzamento total do convenio, a achega das partes reducirase na mesma proporción.

En todo caso, a Amtega resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa realización das actuacións obxecto deste Convenio, e calquera outra que estime oportuna para a correcta xustificación do gasto e o seu pagamento.

Antes de proceder á sinatura deste convenio e para o seu pagamento, cada universidade deberá presentar:

- Un certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda e Administración Pública.
- Un certificado de estar ao día das obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).
- Un certificado de estar ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

A sinatura deste convenio comportará a autorización á Amtega para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.

Cada universidade facilitará toda a información que lle requira a Xunta de Galicia ou a Amtega, así como a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, a Intervención Xeral da Administración do Estado, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control. Igualmente estará suxeita ás comprobacións e verificacións a realizar polo OI, AG o AC e, de ser o caso, polos órganos de control da Comisión Europea e do Tribunal de Cuentas Europeo ou outras instancias de control.

QUINTA.- Comisión de Seguimento

Para a vixilancia, seguimento e control da execución do Convenio, así como para propoñer solucións e solventar as dúbidas que poidan xurdir na aplicación e interpretación das súas estipulacións, constituirase unha Comisión de Seguimento coa seguinte composición:

- Tres representantes da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, nomeados pola súa titular.
- Un representante da USC, nomeado polo seu titular.
- Un representante da UDC, nomeado polo seu titular.



- Un representante da UVIGO, nomeado polo seu titular.

Presidirá a Comisión de Seguimento un dos representantes da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

A comisión de seguimento manterá reunións periódicas de coordinación, seguimento e control das actividades realizadas e xestionará calquera modificación que xurda no desenvolvemento do proxecto nun proceso de colaboración mutua entre as partes asinantes. Ás reunións da comisión asistirán os seus membros ou as persoas en quen deleguen.

A comisión poderá adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias para asegurar o cumprimento do obxecto do presente convenio.

SEXTA.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor o mesmo día da súa sinatura dixital pola persoa asinante que o faga en último lugar e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2022, agás que sexa denunciado por escrito por algunha das partes asinantes polo incumprimento dos compromisos que nel se recollen.

Antes da finalización do prazo de vixencia, os asinantes poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un máximo dun ano máis. De prorrogarse o convenio, na correspondente addenda estableceríanse as obrigas concretas das partes asinantes.

SÉTIMA.- Causas de resolución

O presente Convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución. Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia sen terse acordado a prórroga .
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun prazo de 10 días hábiles coas obrigas ou compromisos que se consideren incumplidos. Este requirimento será comunicado á Comisión de Seguimento e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o Convenio.



- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores previstas neste Convenio ou na normativa aplicable.

Se cando concorra calquera das causas de resolución deste Convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, por proposta da Comisión de Seguimento, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas.

OITAVA.- Confidencialidade

A sinatura deste convenio supón a obriga do cumprimento das normas sobre confidencialidade durante a vixencia do mesmo. Así mesmo, as partes asinantes comprométese á non divulgación dos datos da "Encuesta sobre el uso de TIC y comercio electrónico en las empresas Año 2020 – Primer trimestre 2021" facilitados pola Amtega sen previa autorización.

NOVENA.- Publicidade

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro (BOE 10-12-2013), de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia

A USC, a UDC e a UVIGO deberán subministrar toda a información necesaria para que a AMTEGA poida dar cumprimento ás obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

DÉCIMA.- Modificacións

O presente convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. A devandita modificación terá por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes comprométese a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dos dereitos dixitais.



Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

DÉCIMO SEGUNDA.- Responsabilidade

A subscrición deste Convenio non implicará relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais ou entidades que vaian desenvolver as actuacións obxecto do Convenio e a Xunta de Galicia ou Amtega, de tal xeito que non se poderá esixir a esta administración responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do devandito Convenio.

DÉCIMO TERCEIRA.- Propiedade dos resultados

A propiedade dos resultados obtidos como consecuencia da colaboración obxecto deste convenio corresponderán de xeito conxunto ás partes asinantes e, cada unha delas, poderán facer uso gratuíto destes co consentimento unánime das outras partes.

Os dereitos incorporais de propiedade intelectual de carácter patrimonial respecto dos recursos que, de ser o caso, se xeren nas diferentes fases de desenvolvemento do proxecto, de titularidade común das partes asinantes, pola sinatura do presente convenio cederanse de xeito gratuíto á Xunta de Galicia.

Sen prexuízo do anterior, os dereitos incorporais de propiedade intelectual respecto da actividade propia do labor investigadora dos traballos de investigación que se utilicen como medios para o desenvolvemento do obxecto do convenio corresponderán, respectivamente, á USC, á UDC e á UVIGO.

DÉCIMO CUARTA.- Natureza xurídica e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Así mesmo, será de aplicación á Xunta de Galicia a Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, polo que se refire ao contido da colaboración mediante o desempeño conxunto de tarefas de interese público. O artigo 14 prevé que a Administración xeral da comunidade autónoma e as entidades do sector público, ou estas entre elas, poderán formalizar acordos de colaboración ou cooperación para o servizo aos intereses xerais da súa competencia.

En atención á tipoloxía de fondos que financian as actuacións previstas no convenio, resultarán de aplicación o Regulamento 1303/2013, o Regulamento 1301/2013 e normativa comunitaria de desenvolvemento, así como a Orde HFP/1979/2016, de 29 de decembro, modificada pola Orde HAC/114/2021, de 5 de febreiro pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables.

Doutra banda, aínda que é un dos negocios xurídicos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, no non previsto aplicaráselle os principios recollidos na citada lei, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio e non puidesen solventarse no seo da Comisión de Seguimento prevista na cláusula quinta.

Pola **AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA
(AMTEGA)**

Pola **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA (USC)**

Mar Pereira Álvarez
DIRECTORA

Antonio López Díaz
REITOR



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO
REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

Universidade de Vigo



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



Pola **UNIVERSIDADE DE VIGO**
(UDC)

Pola **UNIVERSIDADE DA CORUÑA**
(UDC)

Manuel Reigosa Roger
REITOR

Julio E. Abalde Alonso
REITOR